

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **CANTO APLICADO Á DIRECCIÓN IV**  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA CANTO APLICADO Á DIRECCIÓN IV										
ESPECIALIDADE:	Dirección				ITINERARIOS:				Dirección	
CARÁCTER:	Obrigatoria				TIPO DE CLASE:				Individual	
DEPARTAMENTO:	Canto				XEFE DE DPTO.:				Lorenzo Dos Santos Gago	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII I	Aida Cruz Estévez	
ECTS/CUAD.	2 créditos ECTS por cuatrimestre				Observacións:				O alumno/a deberá facer un mínimo de dous cuatrimestres, e máximo de catro, entre os cursos 1º a 3º	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Aida Cruz Estévez				aidacruz@edu.xunta.gal				Xoves, de 14h. a 15h.	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento propio, ou voz, e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos. Aplicación técnica no coñecemento das diferentes seccións da orquestra/coro.	
CONECAMENTOS PREVIOS: Non se requiren coñecementos previos	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: A disciplina ten relación indirecta cos contidos da disciplina de formación básica Formación e Adestramento auditivo e vocal, e relacionada de maneira propedéutica cos contidos da disciplina obrigatoria específica de Coro. Esta disciplina debe capacitar ao alumnado para a utilización correcta do aparello fonador, así como o suficiente coñecemento dos diferentes rexistros vocais nos coros, conseguindo independencia na elaboración, selección e aplicación de recursos de ensinanza/aprendizaxe vocais en función das demandas do contexto coral, sendo versátil no dominio vocal, tanto individual como grupal.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1 T2 T3 T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X6, X8, X10, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED2, ED4, ED11
*Ver a listaxe de competencias no Decreto 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
Non se considera necesario realizar distincións nos obxectivos, segundo aos diferentes tipo de ensinanzas que se puideran abarcar (Presencial, Mixta, e Non presencial) debido á versatilidade e adaptabilidade dos obxectivos, que deberán ser abarcados na súa totalidade independentemente do tipo das diferentes modalidades.	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer a anatomía e fisioloxía da respiración, as súas virtudes e defectos. Controlar a respiración e o apoio diafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria.	T1, T3, T15, X6, X8, X11, X13, X21, X24, ED11
Lograr manter unha serie de hábitos beneficiosos para a súa saúde, en definitiva, para o desenvolvemento e mantemento do seu instrumento vocal.	T1, T3, T15, X6, X8, X11, X13, X21, X24, ED11
Realizar resonancias coa voz intentando recoñecer e enviar o son correctamente a zoas de potenciación do mesmo.	T1, T3, T15, X6, X8, X11, X13, X21, X24, ED11
Adequar as posturas corporais e o xesto ás exixencias da produción e emisión correcta dos sons cantados.	T1, T3, T15, X6, X8, X11, X13, X21, X24, ED11
Saber valorar as súas calidades e defectos co fin de poder progresar máis rápida e independentemente.	T1, T3, T15, X6, X8, X11, X13, X21, X24, ED11
Coñecer as clasificacións vocais das diferentes agrupacións corais, os seus rexistros, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas.	T1, T3, T1, T2, T3, T15, X6, X8, X10, X11, X13, X21, X24, ED2, ED4, ED11
Potenciar o uso das TIC para favorecer o estudo persoal e independencia.	T1, T3, T1, T2, T3, T15, X6, X8, X10, X11, X13,

X21, X24, ED2, ED4,  
ED11

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.- A relaxación. Exercicios y técnicas.	- Técnicas diversas para lograr unha efectiva relaxación. - Aplicación de exercicios para o coñecemento integro e parcial corporal.	1
2.- A respiración. Anatomía e fisioloxía. Mecanismos de respiración no canto	- Coñecemento básico da anatomía do aparello respiratorio - Coñecemento do funcionamento do aparello respiratorio e a súa aplicación práctica mediante exercicios específicos.	1
3.- Hixiene vocal. O aparello fonador.	- Coñecemento e práctica da técnica fonatoria para lograr unha correcta produción sonora. - Hábitos correctos e beneficiosos para a correcta práctica vocal. - Emprego no desenvolvemento docente e na vida cotiá.	1
4.- A práctica vocal. As vocalizacións	- Exercicios de vocalización en legato adecuados ó nivel e ás características da voz do alumno/a.	9
5.- A afinación e lectura a primeira vista	- Habilidade necesarias para realizar unha lectura dunha obra sen necesidade de facer soar a totalidade de elementos que a completan. - Estratexias para saber afinar con precisión.	2
6.- As TIC e os seus beneficios no estudio.	- Utilización de métodos audiovisuais diversos cara ó estudo na casa ou no centro - Aplicacións das TIC na clase.	2
<b>Observacións:</b> Os contidos 1 ao 5, ademais de ser tratados nunha sesión determinada, trabállanse sempre en tódalas demais, xa que conceptos como a correcta emisión e a afinación deben ser unha constante ao longo de tódolos estudos e na vida profesional do alumno/a.		
<b>TOTAL SESIÓNS:</b>		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA PRESENCIAL			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	0,5		0,5
Exposición maxistral (exposición teórica dos contidos a traballar durante as clases)	0,5		0,5
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	2		2
Práctica individual ( Tempo que o alumno/a dedicará á práctica vocal, en clase ou na casa)	4	16	20
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a con respecto a obras corais).	0,5	0,5	1
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).		16	16
Actividades complementarias (Dirección de coros, asistencia a exposicións, seminarios, conferencias..., relacionados coa materia).		15	15
Tutorías (atención particular aos alumnos/as)		4	4
1. Individuais			
2. De grupo			
Actividades de avaliación:			
1. Probas Proba práctica con exercicios vocais no que o alumno/a amose suficiente control técnico do aparello fonador e a súa técnica. Realización dun traballo analítico sobre unha obra proposta.	0,5		0,5
2. Revisión de probas		0,5	0,5
<b>TOTAL HORAS:</b>			60

<b>6. AVALIACIÓN PRESENCIAL</b>			
<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>COMPETENCIAS AVALIADAS</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do Profesor)	1-Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. 2-Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. 3-Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde. 4-Realizar eficaz e puntualmente exercicios propostos na aula.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	60%
Proba práctica, na que os alumnos terán que cantar unha serie de cancións adaptadas ao seu nivel.	1-Demostrar dominio suficiente do aparello fonador e as súas implicacións durante a realización de diversos exercicios vocais. 2-Controlar a respiración e o apoio diafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. 3-Demostrar un coñecemento e práctica da técnica fonatoria para lograr unha correcta produción sonora. 4-Amosar coñecemento suficiente dos diferentes rexistros vocais, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	40%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
Proba práctica coa realización de exercicios diversos de vocalización comprobando a boa posta en práctica da técnica vocal (posición, relaxación, respiración e fonación). Cantar diferentes cancións adaptadas ao seu nivel vocal.	1-Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde. 2-Controlar a respiración e o apoio costo-diafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. 3-Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora. 4-Amosar coñecemento suficiente dos diferentes rexistros vocais, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	50%
Proba escrita sobre os contidos relacionados co aparello fonador, as súas partes e funcionamento, sobre as clasificacións vocais, adultas, infantís e xuvenís.	1-Demostrar coñecemento sobre o aparello fonador, as súas características, funcionamento e aplicacións na práctica coral.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	50%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Máis de tres faltas de asistencia á clase implicarán a perda de avaliación continua, tendo que someterse o alumno/a ao procedemento de avaliación alternativa.			
Proba práctica coa realización de exercicios diversos de vocalización comprobando a boa posta en práctica da técnica vocal (posición, relaxación, respiración e fonación). Cantar diferentes cancións adaptadas ao seu nivel vocal.	1-Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde. 2-Controlar a respiración e o apoio diafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. 3-Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora. 4-Amosar coñecemento suficiente dos diferentes rexistros vocais, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas. 5-Ser capaz de improvisar ou inventar exercicios propios cara a súa posterior labor como director/a dun coro.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	50%
Proba escrita sobre os contidos relacionados co aparello fonador, as súas partes e funcionamento, sobre as clasificacións vocais, adultas, infantís e xuvenís.	1)Organizar correctamente a información necesaria. 2)Levar a cabo unha presentación correcta e coherente da proposta realizada. 3)Presentar una redacción que deixe amosar a claridade de ideas aí como a organización da información utilizada, o coidado nos datos aportados. 4)Amosar coñecementos suficientes relacionados coa materia.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	50%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
Proba práctica coa realización de exercicios diversos de vocalización comprobando a boa posta en práctica da técnica vocal (posición, relaxación, respiración e	1-Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde. 2-Controlar a respiración e o apoio diafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	50%

fonación). Cantar diferentes cancións adaptadas ao seu nivel vocal.	3-Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora. 4-Amosar coñecemento suficiente dos diferentes rexistros vocais, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas.		
Proba escrita sobre os contidos relacionados co aparello fonador, as súas partes e funcionamento, sobre as clasificacións vocais, adultas, infantís e xuvenís.	1-Demostrar coñecemento sobre o aparello fonador, as súas características, funcionamento e aplicacións na práctica coral.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	50%

*Para a poder optar á Matrícula de Honra, o alumnado deberá obter cunha cualificación de sobresaínte na disciplina. O/a profesor/a da do/a alumno/a comunicará ao departamento ao do final da semana dos exames. Os/as alumnos/as deberán realizar unha proba deseñada polo departamento a tal fin, cunha convocatoria específica para o mesmo, e que non excederá na súa totalidade dos 30 minutos de duración.*

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Asemade terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.
No presente curso académico non hai alumnado da especialidade que precise pautas por necesidades educativas especiais.	

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
<p>Allió, Miriam: “Los espacios de la voz”, “Reflexiones sobre la voz”</p> <p>Bustos, Inés: “Trastornos de la voz en edad escolar”. Edit. Aljibe</p> <p>Bustos, Inés: “La voz”. Edit. Paidotribo</p> <p>De Mena, Ana: “Educación de la voz”. Edit. Aljibe</p> <p>Jackson Menaldi, Cristina: “La voz normal” Edit. Médica hispanoamericana</p> <p>Navarro, Collar e Molina: “Coro, enseñanzas profesionales” Edit: Enclave creativa</p> <p>Quiñones, Carmen: “Programa para la prevención y el cuidado de la voz” Edit. Praxis</p> <p>Regidor, Ramón: La clasificación de la voz. Real Musical</p>